

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Ramón Boga Moscoso  
D. David López Saborido  
D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e tres de abril do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 16 de abril de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de abril de 2024.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Ministerio do Interior, corrección de erros da Orde INT/309/2024, de 9 de abril, pola que se modifica o anexo 9 do Real decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais. BOE núm. 95, do 18-04-2024.

- Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, Resolución de 16 de abril de 2024, da Subsecretaría, pola que se determina a relación de centros habilitados no estranxeiro para o depósito de voto en urna nas eleccións ao Parlamento Europeo de 9 de xuño de 2024. BOE núm. 98, do 22-04-2024.
- Delegación Provincial da Coruña, Instituto Nacional de Estatística, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa. Eleccións ao Parlamento Europeo 2024. Publicación de relación de seccións, mesas e locais electorais. BOP núm. 78, do 22-04-2024.
- Xunta Electoral Provincial da Coruña. Eleccións ao Parlamento Europeo 2024. Publicación composición Xunta Electoral Provincial. BOP núm. 78, do 22-04-2024.
- Xunta Electoral de Zona da Coruña, constitución da Xunta Electoral de Zona da Coruña para Eleccións ao Parlamento Europeo 2024. BOP núm. 79, do 23-04-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 12 ao 18 de abril de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 461/2024 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente núm. 500/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
461/2024	12-04-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 255/2023 M, demanda interposta pola representación procesal de Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L. contra o Concello de Cambre sobre contratación e convenios, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial
462/2024	12-04-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 19/2024, demanda interposta pola representación procesal de UTE Instelec Canarga, contra o Concello de Cambre, sobre contratación e convenios, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación orovincial
463/2024	12-04-2024	Aprobar a liquidación do imposto sobre o valor engadido do primeiro trimestre do ano 2024, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 42.869,96 euros, e o das cotas do IVE soportado por 0,00€ euros. Aprobar o mandamento de pago da devandita liquidación
464/2024	12-04-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de abril de 2024
465/2024	12-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales

		nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YTTG
466/2024	12-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en vinte mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 colocadas fronte á cafetería situada na praza de Manuel Lugrís, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte a fachada do local e na propia praza segundo o esbozo que se achega coa solicitude, sen exceder a fronte do establecemento e deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: GS, S.L.
467/2024	12-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en doce mesas: oito sinxelas e catro mesas dobres durante o ano 2024 fronte ao café-bar situado na rúa Río Valiña, Cambre, segundo o esbozo que se achega, condicionado a que a terraza se instale fronte ás fachadas do establecemento que dan á rúa Río Valiña e á Praza 1º de Maio, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida así como o acceso ao portal situado na rúa Río Valiña nº 1. Solicitante: JLB
468/2024	12-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en catro mesas con tres cadeiras cada unha durante o ano 2024 fronte ao café bar situado na rúa Rosalía de Castro, O Temple, condicionada a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento, sen sobrepasar a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: MAC
469/2024	12-04-2024	Delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutra concelleira
470/2024	12-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JGBS
471/2024	12-04-2024	Comparecer no procedemento abreviado 61/2024 pola interposición de recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo de recurso de alzada de data 14 de novembro do 2023 en materia de permisos para concorrer a exames finais de RCS, perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 1 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á asesoría xurídica da excma. Deputación provincial da Coruña
472/2024	12-04-2024	Convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de abril de 2024
473/2024	16-04-2024	Nomear MBN auxiliar administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de

		clasificación profesional C2 e adscrita a Secretaría en substitución transitoria de RANF de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
474/2024	16-04-2024	Non iniciar procedemento de revisión de oficio para declarar a anulación da resolución da Alcaldía núm. 415/2024, do 2 de abril, pola que se nomea a MMM auxiliar administrativo interino en substitución transitoria da funcionaria MMdJS
475/2024	16-04-2024	Autorizar o acceso á documentación solicitada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular de 12.04.2024
476/2024	16-04-2024	Arquivar o expediente incoado a Inversiones IC, SA, polo deficiente estado de conservación no que se atopaba a parcela sita en Pravio xa que como queda acreditado no expediente os vertidos existentes (entullos e plásticos) foron retirados
477/2024	16-04-2024	Arquivar o expediente incoado a JPP e GCR pola instalación dun valo metálico na parcela sita en Cambre, sen o preceptivo título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente o valo metálico, obxecto de denuncia, foi retirado
478/2024	16-04-2024	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AAM e AGM
479/2024	16-04-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
480/2024	17-04-2024	Outorgar a IFD enxeñeiro técnico industrial da sección de Servizos, as funcións propias do posto de xefe da dita sección ante a ausencia por incapacidade temporal do seu titular e ata a súa recuperación
481/2024	17-04-2024	Aprobar a realización de eventos musicais a realizar neste ano 2024 polas diferentes formacións instrumentais da Asociación Sementeira Cambre no auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo
482/2024	18-04-2024	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do concello de cambre prestado pola empresa Instelec S.L
483/2024	18-04-2024	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado limpeza de edificios municipais prestado pola empresa JARDINCELAS, S.L.
484/2024	18-04-2024	Declarar a renuncia de VSB ao título habilitante para as obras de acondicionamento de local situado na rúa Río Mero, A Barcala. Declarar concluído o procedemento instruído e archivar o expediente correspondente
485/2024	18-04-2024	Desestimar as alegacións presentadas por LAV, por canto que as mesmas non desvirtúan os feitos denunciados, consistentes na realización de obras nunha edificación con uso residencial en solo rústico, sen título habilitante
486/2024	17-04-2024	Considerar desistida a AGP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 24/11/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

487/2024	18-04-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a PAP SL, cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 24 de marzo de 2022, pola que se lles ordenou a reparación do muro de peche de cachoteria, en Penouviña, Cambre
488/2024	18-04-2024	Suspender a actividade de compravenda de vehículos e venta de recambios para coches, ademais do depósito de vehículos en Sigrás, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
489/2024	18-04-2024	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso á nave destinada a envasado de produtos de mar situada na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: AES, SL
490/2024	18-04-2024	Arquivar o expediente incoado a MMCS e JGC, pola instalación dunha caseta prefabricada na finca sita en Andeiro, sen o preceptivo título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente a caseta prefabricada, obxecto de denuncia foi eliminada
491/2024	18-04-2024	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos ao concurso-oposición para a selección dun aparelador/a. Designar membros do tribunal cualificador deste proceso selectivo
492/2024	18-04-2024	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa San Blas, parroquia de Cambre. Solicitante: JARM
493/2024	18-04-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de novembro 2023 por un importe total de 1.258,86 €
494/2024	18-04-2024	Iniciar expediente de orde de execución a AAD para a poda das polas da árbores existentes na finca sita en Sigrás, que invaden a vía pública, afectando á circulación de vehículos, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
495/2024	18-04-2024	Impoñer a JFP e outro SC unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 12 de abril de 2022, pola que se lles ordenou que regularizan as obras realizadas en Pravio
496/2024	18-04-2024	Arquivar o expediente incoado F, S.L. e A, S.L. para corraxir o deficiente estado de conservación do cerramento da parcela sita na rúa Estanque, O Temple, ao quedar acreditado no expediente que o obxecto da denuncia foi rectificado
497/2024	18-04-2024	Denegar a ampliación do prazo concedido para a presentación do proxecto requerido mediante oficio do concelleiro delegada da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 1 de marzo de 2024, respecto do derrubamento das obras realizadas e a reconstrucción das que se pretenden. Solicitante: CMBG en representación de JMCF
498/2024	18-04-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por LMCG contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 14 de febreiro de 2024
499/2024	18-04-2024	Declarar a ASS responsable dunha infracción grave á Ordenanza

		municipal de limpeza viaria, consistente en depositar residuos no camiño público en Santa María de Vigo, e en consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 751 euros, de acordo co establecido nos artigos 27 b) número 4 e 28.2 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público e o artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
500/2024	18-04-2024	Desestimar as alegacións presentadas por VCC, en representación de GdeTyE SLU polo incumprimento das obrigas de xestión da biomasa existente na finca sita en Cecebre

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo